

GUÍA PARA A ELABORACIÓN DA MEMORIA FINAL DO TRABALLO de FIN de MÁSTER

Aínda que sendo función dunha memoria recoller a traxectoria seguida para a elaboración do TFM, debe seguir os apartados propios de todo traballo de investigación, de maneira que o rigor na presentación e transmisión sexa compatible co desenvolvemento creativo e innovador da formulación. Polo tanto, a presente guía pretende orientar ao alumnado na redacción das súas memorias do TFM, apoiándose nos apartados e estrutura que ha seguir a escritura e presentación dun traballo de investigación.

1.- PORTADA

Han figurar os seguintes **datos identificativos** do traballo:

Título: (non máis de 15 palabras nunha ou dúas liñas). Pode conter un subtítulo que matice o tema tratado.

Persoa autora: nome e dous apelidos.

Dirección: Nome e apelidos da persoa ou persoas que dirixieron ou co-dirixieron o TFM.

Denominación da titulación:

MÁSTER UNIVERSITARIO EN ARTE CONTEMPORÁNEA. CREACIÓN E INVESTIGACIÓN.

Curso académico (P. ex: *Curso 2020/21*)

Data de finalización do traballo (P. ex: *Xullo de 2021*)

2.- PRIMEIRA PÁXINA

2.1 Datos de identificación:

Na primeira páxina deben repetirse algúns dos datos identificativos: *Título, nome e apelidos da persoa autora, nome e apelidos da persoa ou persoas directoras, denominación da titulación e curso académico.*

2.2 *Abstract:*

O *abstract* terá unha extensión entre 100 e 150 palabras. No *abstract* sintetízase o contido do traballo citando brevemente o propósito do estudo (Introdución), os procedementos seguidos (Metodoloxía), a súa xustificación conceptual (Contidos), as achegas máis importantes (Resultados), e as principais conclusións ás que se chegou (Conclusións).

Por regra xeral o *abstract* escríbese despois de rematado o documento e mediante este perséguese chamar a atención do lector resaltando os feitos fundamentais e evitando detalles inútiles. Os erros máis frecuentes na redacción do *abstract* son: 1) non formular claramente os obxectivos e o alcance da investigación, 2) ser demasiado longo, 3) ser demasiado detallado.

2.3 Palabras clave:

Máximo cinco palabras identificativas dos temas principais tratados. Serven para a busca rápida do traballo en bases de datos que se clasifican polos temas tratados. (P. ex.: *ESCULTURA – MEDIO AMBIENTE – PAISAXE – FOTOGRAFÍA*)

3.- CORPO DO ESCRITO

3.1 Instrucións xerais

A memoria final do TFM está organizada respectando a estrutura habitual dun traballo de investigación: *Introdución, Metodoloxía, Contidos, Conclusións e Bibliografía*. Poderá estar redactada en galego, castelán ou portugués. No caso de estar redactado en galego ou portugués, recoméndase redactar o *Abstract* en castelán por cortesía cara ao posible membro do Tribunal invitado que poida vir doutra Comunidade.

3.2 Formato do escrito

O formato, a tipografía e a encadernación final son libres, pero respectando a extensión mínima que se indica máis abaixo.

3.3 Lonxitude

O *Abstract* terá un tamaño máximo de entre 100 e 150 palabras, a introdución un máximo de 3 páxinas, e entre 25 e 35 páxinas para o resto do documento final do TFM, incluíndo as imaxes, táboas, gráficos, etc. que se crean convenientes, e as referencias bibliográficas.

O tamaño do papel e a tipografía sobre os que se farán o cálculo do número de follas que integren o traballo será un estándar A4 (21 x 29,7 cm), con unha tipografía Times New Roman de 12 puntos e un espaciado entre liñas sinxelo.

3.4 Corpo xeral do escrito

Estará composto dos seguintes apartados:

INTRODUCCIÓN, onde se informa do propósito e a importancia do traballo, contextualizándoo e facendo referencia aos traballos previos propios e/ou doutros autores.

METODOLOXÍA, onde se explica cómo se levou a cabo a investigación, describindo as fontes, materiais, recursos, etc. empregados e expoñendo os métodos aplicados.

CONTIDOS, onde se xustifica conceptualmente o TFM, incluíndo referentes teórico/prácticos.

RESULTADOS, onde se presentan as obras desenvolvidas máis relevantes e a súa análise.

CONCLUSIÓNS, onde se fai balance final e se establecen novas liñas de investigación / creación a desenvolver.

BIBLIOGRAFÍA, onde se enumeran cun formato normalizado os traballos, textos, informes, etc. consultados no TFM. Recoméndase facer apartados segundo o tipo de fonte utilizada. (Ver apartado 4)

3.5 Imaxes

A súa función é a comprensión da investigación realizada. Irán acompañadas do seu correspondente pé de foto no que ha de figurar a ficha técnica da obra ou imaxe. As imaxes poderán ser en BN ou cor e deben ir numeradas.



Fig. 1 Susan Collins, "Twister"

Prata e ametista. Ed. 3, 2009

As táboas, en caso da súa inclusión na memoria, seguirán o formato proposto para as imaxes. Os pés de táboa seguirán o mesmo formato dos pés de imaxe.

4.- REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

O listado alfabético das referencias será o último apartado do traballo, e o seu formato seguirá as seguintes regras e formatos en función da orixe da fonte citada.

Exemplo de referencia de libros dun/a autor/a:

APELIDOS, Nome, Título, editorial, n.º de edición, lugar, ano.

Referencia de libros de varios/as autores/as:

Se son máis de tres é preferible facer constar o primeiro seguido da abreviatura internacional *et al.* Se algún deles/as é responsable principal engádese, tras o seu nome entre paréntese, a abreviatura da súa función: coordinador/a (coord.), editor/a (ed.).

Exemplo de referencia de revista:

APELIDOS, Nome, "Título do artigo entre comiñas", *Nome da revista en cursiva*, n.º da revista, mes, ano, páxinas onde se atopa.

Referencia de publicacións electrónicas:

APELIDOS, Nome. *Título do documento en cursiva* [en liña]. Editorial, lugar, data de publicación, data de actualización ou revisión. Disponibilidade e acceso [data de consulta]

p. ex.: BIBLIOTECA NACIONAL. Ariadna: *Catálogo automatizado de la Biblioteca Nacional* [en liña] Biblioteca Nacional. Madrid.

< <http://www.bne.es/cgi-bin/wsirtex?FOR=WIUSEV14> > [Consulta: 25.11.2008]

Citas bibliográficas ou notas ao pé:

As chamadas *notas ao pé* aparecen no texto en forma de números arábcos (1,2,3,..). Cada cita implica un novo número de nota, polo tanto se se remite a un documento inmediatamente citado deberá repetir só parcialmente a anterior referencia con estas abreviaturas: *ib.*, *ibid.* ou *ibídem*, que significa *no mesmo lugar*, é dicir, indica que ambas as dúas citas se refiren ao mesmo autor e ao mesmo libro e só sinálase a páxina correspondente en cada caso; se se remite a un documento que xa foi citado anteriormente utilízase a abreviatura *op. cit.*, que significa *na obra citada*, seguido da páxina. Outro tipo de referencias (Teses doutorais, informes, congresos, etc.) deberán adaptar un formato similar aos anteriores.